

Desenvolvemento para a suba de cubertas mediante o servizo Qlees

O desenvolvemento de Qlees permite:

- Cargar automaticamente en Koha non só as cubertas correspondentes a documentos con ISBN, senón tamén con ISSN.
- Cando un documento con ISBN ou ISSN non teña unha cuberta cargada automaticamente ou a existente sexa incorrecta, xestionar a suba e/ou substitución desde a intranet de Koha, sen cambiar de panel.

Debemos ter en conta que Qlees “recolecta” as imaxes que hai en Internet, polo que se un documento non ten unha cuberta subida en ningunha das páxinas recolectadas por Qlees, é preciso que a subamos nós. No caso de que estas páxinas teñan asociada unha imaxe incorrecta, é necesario que a substituíamos.

Este desenvolvemento, por tanto, axudaranos na xestión das cubertas desde a propia intranet de Koha.


Se o rexistro non ten ISBN ou ISSN, a suba de imaxes realizarase de xeito local, como ata o de agora. É dicir, a cuberta ou carátula non formará parte do repositorio de Qlees, senón que se asociará unicamente ao bibliográfico de Koha, tal e como se detalla no punto 2 deste documento.

1. Rexistros con ISBN ou ISSN

Para incorporar unha cuberta nun rexistro con ISBN ou ISSN que non teña unha imaxe cargada automaticamente, deberemos ir á ficha do bibliográfico e, dentro de “Editar”, premer en “Cargar cuberta a Qlees”:



Abrirase a seguinte ventá:



Koha > Qlees cover upload - Mozilla Firefox

https://intranet-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/catalogue/upload-qlees-image.pl?bibl

Cargar imaxe de cuberta ó servizo Qlees

- Seleccione un arquivo de imaxe para subir. O servizo aceptará formatos de imaxes GIF, JPEG e PNG.

Cargar imaxes

Seleccione o arquivo para subir: No se ha seleccionado ningún arquivo.
Requirido

A cuberta non é correcta

Substituír cuberta

Solicitar cambio de cuberta

En función de se contamos ou non cunha cuberta para subir e/ou substituír a existente, escolleremos a opción correspondente (“Cargar imaxe de cuberta ó servizo Qlees” ou “A cuberta non é correcta”).



1. 1. Cargar imaxe de cuberta ao servizo Qlees

Empregaremos a opción “Cargar imaxe de cuberta ó servizo Qlees” nos seguintes casos:

- O rexistro ten ISBN ou ISSN, non ten cuberta, e dispoñemos da imaxe que lle corresponde.
- O rexistro ten ISBN ou ISSN, ten unha cuberta incorrecta e contamos coa imaxe que lle corresponde.

Cargar imaxe de cuberta ó servizo Qlees

- Seleccione un arquivo de imaxe para subir. O servizo aceptará formatos de imaxes GIF, JPEG e PNG.

Cargar imaxes

Seleccione o arquivo para subir: *Requerido*

Examinar... No se ha seleccionado ningún archivo.

Subir arquivo

Para ambos casos, o procedemento é o seguinte:

- Imos ao recadro “Cargar imaxe de cuberta ó servizo Qlees”
- Prememos en “Examinar”
- Seleccionamos a imaxe da cuberta almacenada no noso PC (os formatos admitidos son GIF, JPEG ou PNG)
- Prememos no botón “Subir arquivo”.
- Se a portada foi cargada correctamente, o sistema amosará a seguinte mensaxe:



- Ao pechar a ventá, a páxina de detalle do bibliográfico se recargará automaticamente para amosar a cuberta que se acaba de subir.
- En cambio, se o ISBN ou ISSN consignado **no \$a dos campos 020 ou 022** no rexistro bibliográfico é incorrecto, amosarase a seguinte mensaxe e a cuberta non se subirá a Qlees nin, por tanto, ao rexistro bibliográfico:

O ISBN/ISSN **84-241-2431-5** non é válido

Pechar ventá

Qlees non permite subir ao seu repertorio imaxes de ISXN incorrectos, polo que se queremos subir imaxes para estes rexistros teremos que evitar consignalos no \$a, que é o que revisa esta ferramenta. Se queremos subirlles imaxes a estes rexistros debemos consignar os ISXN incorrectos nos subcampos adecuados : \$z para o caso do 020, \$y para o caso do 022. Deste xeito o sistema nos permitirá usar o sistema de carga de cuberta local descrito no punto 2 deste manual, usado para os rexistros sen ISBN ou ISSN.

Debemos ter en conta que Qlees non verifica se a cuberta que subimos por este procedemento manual é correcta. Neste caso, é o bibliotecario o que ten que asegurarse de que a imaxe é a que corresponde ao rexistro. O que si comproba Qlees é que non sexa unha imaxe cun contido inadecuado.

1. 2. A cuberta non é correcta

Cando consideremos que unha cuberta non se corresponde co rexistro ao que está asociado, pero non dispoñemos da imaxe correcta, podemos facer unha solicitude de cambio de cuberta marcando o cadro “Solicitar cambio de cuberta” e premendo o botón “Enviar solicitude”.

A cuberta non é correcta

Substituír cuberta


Solicitar cambio de cuberta

Enviar solicitude

Neste caso, Qlees almacenará o aviso, e o administrador do servizo de imaxes revisará manualmente se a cuberta é correcta empregando os recursos dispoñibles en Internet, posto que non dispón do documento físico para facer esta comprobación. Se se considera que non é correcta, a cuberta eliminarase, e o rexistro quedará sen cuberta.

2. Rexistros sen ISBN ou ISSN

Para os rexistros que non contan con ISBN ou ISSN, a carga da cuberta farase igualmente desde a ficha do bibliográfico, pero esta vez, dentro de “Editar”, aparecerá a opción “Cargar imaxe”:



E Koha conduciranos á seguinte pantalla:

Cargar imaxe de cuberta local

- Seleccione un arquivo imaxe ou un ZIP para cargar. A ferramenta aceptará formatos de imaxes GIF, JPEG, PNG, e XPM.

Cargar imaxes

Seleccione o arquivo para subir: No se ha seleccionado ningún arquivo.
Requirido


O procedemento é moi similar ao descrito no punto 1.1. (prememos en “Examinar”, escollemos a imaxe do noso PC e, de novo, prememos en “Subir arquivo”), se ben neste caso o sistema levaranos a:

Cargar imaxe de cuberta local

- Seleccione un arquivo imaxe ou un ZIP para cargar. A ferramenta aceptará formatos de imaxes GIF, JPEG, PNG, e XPM.

Cargar imaxes

Seleccione o arquivo para subir: Galicia.png
Requirido

Porcentaxe subida:  100%

Tipo de arquivo

Arquivo ZIP
 Arquivo de imaxe

Introduza biblionumber de cuberta:

Opcións

Substituír cubertas existentes

Prememos en “Procesar imaxes” e Koha conduciranos a:



Cargar imaxe de cuberta local

Resultados de carga de imaxes:

- 1 imaxes atopadas
- [Ver rexistro final](#)
- [Volver](#)

- Seleccione un arquivo imaxe ou un ZIP para cargar. A ferramenta aceptará formatos de imaxes GIF, JPEG, PNG, e XPM.

Cargar imaxes

Seleccione o arquivo para
subir:

Examinar...

No se ha seleccionado ningún arquivo.

Requirido

Subir arquivo

Pulsando en “Ver rexistro final” poderemos ver o resultado da suba da imaxe.